

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A SECRETARÍA XERAL DA EMIGRACIÓN DA XUNTA DE GALICIA E A ASOCIACIÓN ESPAÑOLA PRIMERA DE SOCORROS MUTUOS DE MONTEVIDEO, PARA A ATENCIÓN SOCIO SANITARIA DA CIDADANÍA DE ORIXE GALEGA RESIDENTE EN MONTEVIDEO, URUGUAI

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O secretario xeral da Emigración da Secretaría Xeral da Emigración, **DECLARA:**

Que esta Secretaría Xeral da Emigración ten previsto formalizar coa Asociación Española Primera de Socorros Mutuos de Montevideo, Uruguai, , o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día seguinte ao da súa sinatura ata o 25 de outubro de 2023.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer o marco da colaboración entre a Secretaría Xeral da Emigración e a entidade Asociación Española Primera de Socorros Mutuos para a atención das necesidades socio sanitarias da cidadanía de orixe galega residente en Montevideo (Uruguai) que se atope en situación de necesidade e non poida afrontar o custo das prestacións que precisa.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

Na República Oriental do Uruguai, reside un número moi importante de persoas de orixe galega que pola súa situación de carencia, están a sufrir unha falta real e operativa de mecanismos integrais de cobertura social e sanitaria.

A Asociación Española Primera de Socorros Mutuos é unha institución mutualista fundada en Montevideo o 25 de setembro de 1853 co obxectivo de crear un fondo común destinado a socorrer ás persoas asociadas nela, outorgándolles asistencia médica completa no caso de enfermidade. Na actualidade a entidade conta con case 200.000 persoas asociadas, das cales un número moi relevante son españolas de orixe galega.



A entidade dispón dun hospital de 26.500 m², dotado con 452 camas, así como de catro sedes secundarias, cinco policlínicas e catro unidades de internamento extramuros, nas que se presta asistencia sanitaria a unha importantísima porcentaxe da poboación uruguaia e, en especial, á poboación de orixe galega residente nese país.

A Secretaría Xeral da Emigración considera que esta entidade é a institución idónea para o outorgamento desta axuda de carácter singular e excepcional, que non se enmarca dentro dunha actuación xeneralizada de axudas para este tipo de actividades, baseándose no disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, ao non ser posible promover a concorrencia pública.

O interese público de colaboración no desenvolvemento desta actuación radica na pretensión de darlle apoio socio sanitario ás persoas emigrantes de orixe galega residentes en Uruguai que, por mor da súa situación ou por xubilación, contén con ingresos mínimos e non poidan afrontar este gasto.

A Secretaría Xeral da Emigración comprométese a achegar, unha contía **de trinta mil euros (30.000 €)** con cargo á aplicación orzamentaria 04.30.312C.481.0 (código de proxecto 2015 00039), dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a sinatura dun contrato dos contemplados no Texto da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

Para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela
O secretario xeral da Emigración

Antonio Rodríguez Miranda

SECRETARÍA XERAL DA EMIGRACIÓN
rúa Basquiños, núm. 2
15704 Santiago de Compostela
T. +34 981 957 158
emigracion@xunta.gal
galiciaaberta.com

